- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

| UD | Título da UD    | Duración |
|----|-----------------|----------|
| 4  | Con moita arte! | 17       |

| Craterios de avaliación  | Mínimos de consecución   | IA | %   |
|--|--|----|-----|
| CA1.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorándoas con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico básico destas.            | Coñece, lembra e describe os datos máis relevantes da vida e obra de Frida Kahlo.  | TI | 100 |
| CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.  | Selecciona obras de Frida Kahlo entre outros/as artistas.  |    |     |
| CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Respecta e valora os diferentes tipos de expresión plástica.   |    |     |
| CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.   | Identifica e relaciona "as cores de Frida" (verde escuro, amarelo, azul cobalto, negro e azul mariño) e a súa simboloxía (luz, terra, amor, tristeza e distancia). |    |     |
| CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final planificado e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.  | Coloca de xeito acertado etiquetas de cores coas emocións que espertan as versións de distintos cadros de Frida.   |    |     |
| CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.   | Comprende e explica o visto e oído na aula sobre a historia e a obra de Frida Kahlo.   |    |     |
| CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.  | Respecta e valora as producións propias e alleas.  |    |     |
| CA3.2 - Describir características elementais de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico básico destas. | Coñece, lembra e distingue o tema das obras plásticas de Frida Kahlo traballadas na aula.  |    |     |
| CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias básicas para a procura guiada de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.   | Emprega as TIC de xeito reponsable para a procura, creación e difusión da obra de Frida Kahlo.   |    |     |

| <b>Criterios de avaliación</b>  | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|---|---|-----------|----------|
| CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.   | Respecta e interésase polas producións de Frida.  |           |          |
| CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais básicas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.   | Elabora co ordenador deseños de vestidos con elementos propios da cultura mexicana.<br>Debuxa e colorea unha escena de baile co traxe típico da cultura mexicana. |           |          |
| CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións culturais e artísticas audiovisuais, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final, planificado e asumindo diferentes roles desde a igualdade e o respecto á diversidade.    | Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual ao museo de Frida "A casa azul".  |           |          |
| CA4.5 - Compartir as experiencias creativas audiovisuais, empregando estratexias comunicativas básicas e explicando o proceso e o resultado final obtido.   | Debuxa, completa e colorea co ordenador e a pantalla dixital autorretratos e obras de Frida Kahlo.  |           |          |
| CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais. | Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.   |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de recepción activa.</li> <li>- Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias básicas de lectura e interpretación.</li> <li>- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de uso común utilizados na expresión plástica e visual.</li> <li>- Vocabulario específico de uso común nas artes plásticas e visuais.</li> <li>- Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais.</li> <li>- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais.</li> <li>- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.</li> <li>- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.</li> <li>- Representación de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.</li> <li>- Experimentación e expresión a través de diversos medios, soportes e materiais de expresión plástica, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Exploración de diferentes técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos, modelados sinxelo</li> <li>- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.</li> </ul> |

## Contidos

- Valoración, avaliación e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos básicos: utilización para a captura e a manipulación de producións plásticas e visuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Estratexias de recepción activa.
- Vocabulario específico de uso común nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde a perspectiva de xénero.
- Estratexias e técnicas de uso común de composición de historias audiovisuais.
- Normas básicas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Historias audiovisuais sinxelas: composición, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas e narradas.
- Mensaxes audiovisuais elementais: experimentación e difusión.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación e experimentación.
- Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

En canto á metodoloxía as diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais e dos obxectivos da etapa. Están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

A UD4, ao estar en cada un dos 3 trimestres, non está concibida para ser levada a cabo anterior ou posteriormente de xeito estrito ás UD1, UD2 e UD3, respectivamente; de feito, o seu desenvolvemento está pensado para ser non só intercalado ao longo do resto das UD, senón incluso na mesma sesión, de xeito que aporte unha dinámica variada e flexible tanto á persoa docente, por un lado, como para o enriquecemento do alumnado, polo outro.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado e que a lingua na que se imparte a asignatura é o inglés. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa

comprensión.

- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación  |
|---|
| Pantalla dixital  |
| Ordenador: con diferentes aplicacións e programas para a impresión dixital      |
| Dispositivos para fotografar  |
| Pinceis, témperas, acuarelas...   |
| Materiais de plástica: ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamentos, tesoiras |
| Imaxes de obras de artistas galegos/as  |
| Bloc de debuxo e cartolinas   |
| Regras, escuadros e cartabóns   |
| Materiais de refugallo para a elaboración de esculturas                         |
| Pasta de modelaxe   |

O espazo no que se imparte a materia de Educación Plástica e Visual é a aula na que a alumnado está organizado en pequenos grupos de traballo.

Conta cun ordenador conectado á pantalla dixital, o que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas). É un material compartido e accesible a todos/as.

Tamén dispoñemos de espazos tanto na aula coma nos pasillos para a exposición dos traballos/ obras do alumnado en corchos/paneis, de xeito que no só o grupo-aula coñece e valora as obras que realizan senón que tamén pode facelo toda a comunidade educativa do Centro.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior. Ademais da observación directa, realizarase unha proba durante as primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade. A partir dos datos obtidos valorarase a necesidade de adoptar medidas tales como por exemplo un reforzo dentro da aula ou unha atención máis individualizada.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica           | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | Total      |
|-----------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>   | <b>18</b> | <b>18</b> | <b>24</b> | <b>40</b> | <b>100</b> |
| <b>Táboa de indicadores</b> | 100       | 100       | 100       | 100       | <b>100</b> |

### Criterios de cualificación:

Os criterios de avaliación da presente programación serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

En canto aos criterios de cualificación establecéronse as seguintes porcentaxes:

- Traballo individual e cooperativo : 40%
- Creatividade: 25%
- Actitude ( interese, participación, esforzo e respecto polas normas):35%

### Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os mínimos de consecución de cada CA ó final de cada UD poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Este feito seralle comunicado á familia a través da axenda do alumnado. Nesta especificarase aquel/es mínimo/s de consecución que se precisa/n acadar, o que corresponda para tal fin (e sempre en concordancia co instrumento de avaliación correspondente reflectido na presente programación: p. ex. repetición dun traballo e/ou parte deste. Ademais, será de especial importancia e interese informar ao propio alumnado: isto farase de xeito individual e entregándolle unha folla que recollerá o que precisa realizar para acadar ese/s mínimo/s de consecución, explicándolle isto verbalmente e resolvéndolle as posibles dúbidas ao respecto.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel, tendo en conta que a lingua empregada é o inglés. Polo tanto incluiremos:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades para o alumnado cun ritmo máis lento e baixa comprensión, coa axuda de modelos.
- Propostas de tarefas en parella que permitan a axuda/ titoría entre iguais.



-Actividades de ampliación/investigación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 |
|---|------|------|------|------|
| ET.1 - Habilidades para a vida: perseverancia e autoestima.   | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Expresión oral   | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Comunicación audiovisual   | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento  | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Igualdade de xénero  | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos   |      | X    |      | X    |
| ET.7 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible  | X    | X    | X    | X    |
| ET.8 - Educación emocional e para a saúde   | X    | X    | X    | X    |
| ET.9 - Alfabetización dixital e uso seguro das novas tecnoloxías.   |      | X    |      | X    |
| ET.10 - Valores relacionados coa cidadanía responsable, o coidado do medio e o respecto polos valores interculturais. | X    | X    | X    | X    |

#### Observacións:

Tanto nas diferentes UD coma nos Proxectos trabállanse elementos transversais fundamentais para o desenvolvemento persoal do alumnado como son:

- a perseverancia e a autoestima. Preténdese que identifiquen e recoñezan os seus propios sentimentos e emocións e así ser quen de desenvolver valores e hábitos positivos que tamén melloren a relación cos compañeiros/as na aula.
- a amizade e a colaboración, estreitamente ligadas coas habilidades sociais e a cidadanía responsable.
- o pensamento crítico e a creatividade. A través do traballo en grupo, do intercambio de ideas, da investigación usando as novas tecnoloxías e da elaboración dun produto final que será presentado na aula, o traballo por proxectos de cada grupo será valorado tanto por eles e elas mesmas como polo resto de compañeiros/as.
- a valoración das obras literarias/cinematográficas como parte fundamental das expresións artísticas e culturais así como a importancia de compartir experiencias lectoras, identificando e evitando estereotipos e a linguaxe discriminatoria.
- o uso seguro das novas tecnoloxías, respectando as fontes e contrastando a información.
- a necesidade de coidar a contorna e actuar para protexer o medio ambiente e as especies que nel habitan, axudando así á sustentabilidade do planeta.
- a responsabilidade e a organización á hora de traballar en grupo e a curiosidade como motor das aprendizaxes.
- a erradicación de todo tipo de violencia ou desigualdade e a resolución pacífica dos conflitos.
- a construción de sociedades máis equitativas e democráticas.
- a importancia do respecto polas diferentes culturas e o fomento da interculturalidade como fonte de enriquecemento persoal e social.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade   | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--|--|----------|----------|----------|
| Saídas culturais   | Visitas a bibliotecas, exposicións e museos.   | X        | X        | X        |
| Saídas pola contorna.  | Observación e investigación de elementos naturais e urbanos da contorna. Horto escolar.  |          | X        | X        |
| Charlas e talleres formativos.                                       | A través de videochamadas ou presencialmente, a cargo tanto das familias como de profesionais de distintos ámbitos.                                      | X        | X        |          |
| Obradoiros e Semana Cultural   | Nos que se traballan as emocións, a alimentación saudable, a educación vial...   |          |          | X        |
| Conmemoracións e propostas do Concello /organizacións socioculturais | Recollidas no calendario escolar como poden ser : o Día da Paz, Día Universal da Infancia, Día dos Dereitos do Consumidor, Día contra o acoso escolar... | X        | X        | X        |

### Observacións:

Todas as actividades complementarias pretenden ser integradoras, coeducativas, interdisciplinares, motivadoras e fomentar a igualdade entre ambos sexos así como a igualdade de oportunidades , a convivencia, a tolerancia e o respecto.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro   |
|--|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |

|   |
|---|
| A materia apórtame novos coñecementos.  |
| Os contidos resúltanme interesantes.  |
| Metodoloxía empregada   |
| Entendo ao meu profesor/a cando explica.  |
| É fácil seguir a materia.   |
| As explicacións parécenme amenas.   |
| O profesor/a consegue manter a nosa atención durante a clase.   |
| As explicacións axúdanme a entender mellor os contidos da materia.  |
| Ademais das tarefas individuais o profesor/a pon tarefas grupais que me resultan útiles para aprender os contidos da materia. |
| Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos  |
| Os materiais que utilizamos para as clases son interesantes e variados.   |
| O profesor/a utiliza medios audiovisuais (pizarra dixital, videos, presentacións...)  |
| Medidas de atención á diversidade   |
| O profesor/a resolve as nosas dúbidas con exactitude.   |
| O profesor/a amósase disposto a axudarnos cando temos dificultades.   |
| Sinto que o meu traballo e esforzo son valorados.   |
| Clima de traballo na aula   |
| O clima da clase é bo para aprender.  |
| O profesor/a consegue que participemos activamente na clase.  |
| O profesor/a motívanos para traballar ao máximo.  |
| Síntome confiado/a para preguntar se non entendo algo.  |

### Descrición:

Tal e como recolle a normativa vixente o profesorado debe avaliar tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa práctica docente. Os indicadores de logro descritos anteriormente fan referencia á avaliación da práctica docente por parte do alumnado en relación a aspectos coma o traballo diario na aula, a avaliación, o ambiente de aprendizaxe no grupo, ou as interaccións entre o alumnado e o profesorado.

En canto á autoavaliación docente inclúense os seguintes indicadores de logro:

- establezo relacións entre os coñecementos previos e os novos, relacionando os contidos con situacións de aprendizaxe competencial e significativo.
- os obxectivos, contidos e estándares de aprendizaxe son axeitados ás características do grupo-clase.
- os estándares de aprendizaxe permítenme valorar o grao de aprendizaxe acadado.
- uso os criterios de cualificación acordados.
- informo de xeito claro e motivo ao alumnado, comunicándolle os obxectivos a conseguir.
- os contidos traballados cumpren os principios de globalidade.
- as unidades didácticas ríxense por unha temporalización flexible.
- a metodoloxía empregada axústase ás necesidades e intereses do alumnado.

- a metodoloxía é axeitada para acadar as aprendizaxes propostas.
- fomento o diálogo, a participación e a empatía na aula así como o uso do reforzo positivo
- a organización grupal favorece o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- emprego recursos diversos e adaptados ás necesidades e intereses do alumnado.
- a organización permite a atención individualizada.
- o desenvolvemento das tarefas favorece a autonomía do alumnado.
- resolvo as dúbidas e reforzo as aprendizaxes cando é preciso.
- reflexiono, avalío e adapto a miña práctica docente e as tarefas.
- utilizo ferramentas de avaliación variadas e adaptadas a diferentes situacións de aprendizaxe.
- implico ao alumnado nas tarefas de aprendizaxe, favorecendo a súa participación activa.
- incorporo e uso habitualmente ferramentas dixitais.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permite valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das Competencias Clave. Os resultados de avaliar cada UD proporcionan información esencial para a toma de decisións con fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas ...) e detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as Competencias.

Os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e as propostas de mellora necesarias requiren da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Educación Artística ( Educación Plástica e Visual e Danza e Música). Neste caso son os seguintes:

- reforzo das explicacións de contidos con mapas conceptuais ou esquemas que nos permitan mellorar a organización de ideas.
- uso de autoavaliacións e coavaliacións para resolver posibles dificultades.
- rexistro na ficha individual do alumnado daqueles aspectos que precisan reforzar e proposta de actividades adaptadas.
- traballo daqueles contidos que poidan resultar máis complexos cun enfoque integrador e interdisciplinar, de xeito que o alumnado poida establecer relacións e conexións entre as aprendizaxes.
- revisión periódica da programación para poder axustar e modificar aqueles aspectos que así o requiran ( temporalización, metodoloxía...)

## 9. Outros apartados